



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Memoria Xustificativa dos requisitos contemplados no artigo 116 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Asunto: contrato de suministro denominado “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS” incluída na subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do Fondo de Compensación Ambiental 2024.

1.- Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a realización do suministro de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS”, elaborado polo arquitecto técnico municipal, D. José Antonio Abeijón Muñiz o 26 de febreiro de 2024, cun orzamento de execución de 48.370,62 €, IVE incluído.

No expediente constan os informes ou autorizacións sectoriais preceptivas ou informe da non necesidade das mesmas.

2. Necesidade de contratar.

En data 7 de xuño de 2024, recíbese neste concello resolución da concesión da axuda correspondente ao Fondo de Compensación Ambiental, por un importe de 55.424,44€, para financiar, entre outros a obra “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS”.

Xustifícase a necesidade de contratar conforme á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola obrigatoriedade do establecido no art. 26 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que establece a obrigatoriedade de servizos mínimos que deben prestar en todo caso os concellos independentemente da súa poboación, entre eles, o alumeadado público.

O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a satisfacción do servizo público mencionado ao tratar de realizar actuación de mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público da estrada AC-550 no tramo de Baño a Laxeiras e no tramo de Tal no termo municipal de Muros, o que vai supoñer un aforro económico e enerxético para o concello de Muros.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Consta no expediente a memoria “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS”, elaborado polo arquitecto técnico municipal, D. José Antonio Abeijón Muñiz o 26 de febreiro de 2024, cun orzamento de execución de 48.370,62 €, IVE incluído, na que consta as actuacións completas, concretas e necesarias para proceder á execución das obras proxectadas.

O Concello de Muros carece de material e medios, tanto técnicos como humanos para desenvolver as actuacións previstas nesta memoria de actuación

3.- Características do contrato.

O contrato é un contrato de subministro, e para o cal se vai a utilizar o procedemento aberto simplificado.

Os criterios xerais que dirixen o proxecto son esencialmente, a mellora da eficiencia enerxética no alumeado público da estrada AC-550 no tramo de Baño a Laxeiras e no tramo de Tal no termo municipal de Muros. Os criterios xerais que dirixen o proxecto son a mellora da eficiencia enerxética do alumeado público ca substitución das actuais luminarias con lámpada VSAP por outras de tecnoloxía LED.

4. Xustificación da non división en lotes.

O Artigo 99.3 da LCSP establece a posibilidade de non proceder a división en lotes do suministro e instalación da obra pola natureza e obxecto do contrato. Neste caso non procede a licitación por lotes da obra mencionada polo importe da mesma e que con dita división produciríase un retraso na licitación polas tarefas previas de carácter técnico precisas para a mencionada división. Asemade tal división suporía un importante custo económico para o concello ao implicar maior dedicación do seu persoal pola necesidade de redactar documentos independentes para cada lote.

A dirección técnica das obras complicaríase con dita división debido ao número de contratantes adxudicatarios.

5. Procedemento de contratación.

Segundo o artigo 159 da LCSP, nos procedementos abertos todo o empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Dadas as características da contratación e, en aras de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto, considerase máis idóneo que o procedemento de licitación se efectúe mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de valoración, o prezo, xa que se dan as condicións establecidas para a súa utilización previstas no artigo 159 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.

Escollese este procedemento polos seguintes motivos:

1. O importe da contratación é moi inferior ao límite legal que a LCSP establece para tal procedemento, xa que o valor estimado para este procedemento é de menos de 221.000 euros.
2. Trátase dun procedemento áxil que permitirá cumprir con máis facilidade os prazos precisos para xustificar a execución dos contratos e, polo tanto, da subvención.

6. Xustificación de que non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación

Non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Non existe fraccionamento do obxecto de contrato, xa que na documentación técnica aportada queda clara a unidade funcional do obxecto do mesmo.

7.- Criterios de adjudicación.

Dadas as características da actuación o único criterio é o da oferta económica, polo que se adjudicará o contrato a empresa que presente a mellor oferta económica. En caso de empate entre dúas ou máis licitacións adjudicarase a aquela empresa que presentase antes a súa oferta económica

8.- Prazo de duración e prorrogas e cartel de obras.

1. Non se prevé a realización de prorrogas ao estar ante un contrato menor.
2. O prazo máximo de execución das obras é de un mes a partir da acta de replanteo, segundo o previsto no proxecto técnico.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Ao ter que xustificar a subvención antes do 31 de outubro de 2024 as obras deberán estar rematadas e presentada a correspondente factura no prazo de un mes desde a acta de replanteo e en todo caso antes do 26 de outubro de 2024.

3. O contratista deberá colocar un cartel publicitario da obra de acordo co modelo que se facilitará o Concello de Muros segundo o modelo do anexo X da Resolución do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (dog núm 17 de 24/01/2024)

9. Condicións especiais de execución

Para dar cumprimento ás obrigas establecidas na LCSP respecto ás condicións sociais, laborais e medioambientais en relación coa execución do contrato e vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145.2 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias ás condicións de execución, o operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións de execución que se detallarán no prego de cláusulas administrativas particulares.

10.- Modificación do contrato.

Dadas as características da contratación non se contemplan modificacións, prorrogas nin revisión de prezos.

11.- Presuposto base de licitación.

Orzamento base de licitación sen IVE: 39.975,72 €

IVE: 8.394,90 €

Orzamento base licitación con IVE: 48.370,62 €

12. Aplicación orzamentaria.

A adxudicación realizarase co cargo ao saldo de créditos retidos da ampliación orzamentaria 220240004997 do estado de gastos do orzamento municipal do 2021, prorrogado, do 13 de agosto de 2024 por un importe de 48370,62€

14. Requisitos de Solvencia



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

As solvencias serán las adecuadas al especificado en la Ley de Contratos del Sector Público. Los licitadores deberán acreditar su solvencia técnica y profesional mediante la presentación de documentación que demuestre su experiencia previa en proyectos de características similares, así como la capacidad técnica y organizativa necesaria para llevar a cabo la subministración del vídeo proyector digital.

12. Responsable do Contrato.

Será responsable del contrato la dirección facultativa de la obra.

13. Encargado do Seguimento e execución.

Será la Alcaldía, la concillería de obras y los servicios técnicos municipales.

17. Certificación da prestación e forma de pagamento

A prestación pagarse al contratista contra factura, una vez comprobada la efectiva realización del suministro y la conformidad de los servicios técnicos del concello.

En Muros, documento asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Lago Lestón



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANEXO

DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA ECONÓMICA

D./Dna. _____ con domicilio no municipio de _____, rúa _____ núm. _____ provincia _____ país _____ teléfono _____, con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____ actuando en nome propio (ou en representación de) _____. DNI ou NIF núm. _____ e con domicilio no municipio de _____ rúa _____ núm. _____ provincia _____ país _____ teléfono _____

Toma parte no procedemento de adxudicación mediante contrato menor do proxecto "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS " e para cuxos efectos

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- 1º Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta;
- 2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente para a realización da obra;
- 3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
- 4º Que non está incurso en prohibición de contratar con ningunha administración pública;
- 5º Que coñece e acepta cantas obrigacións se deriven do presente contrato, así como do proxecto de obra citado



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras)

7º De conformidade co disposto no art.159 e 75.2 LCSP. **(Indicar a opción):**

- a) Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades
- b) Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito destas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.

8º Fai constar que na presente licitación **(indíquese o que proceda):**

- a) Non concorre con empresas vinculadas.
- b) Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

9º Que a mencionada empresa esta ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Muros

10ª Autorizo ao Concello de Muros a que obteña telematicamente os certificados relativos á acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e ao Concello de Muros

11º Declara que as luminarias a instalar cumpren con todas e cada unha das especificación previstas no proxecto de obra

11º.- OFERTA ECONÓMICA


Ofrece o seguinte prezo para a execución do proxecto "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS ", elaborado polo arquitecto técnico municipal, D. José Antonio Abeijón Muñiz, o 26 de febreiro de 2024.

(DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE..... euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :..... %. Importe..... euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En a de de 2024
O LICITADOR (Asinado)